

Esta publicación realizarase igualmente ós efectos do artigo 59.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando os titulares das fincas propostas sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación; e así dirixir ó Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destes, de conformidade con artigo 5.º da citada Lei de Expropiación Forzosa.

A Coruña, 11 de abril de 2008

O DELEGADO PROVINCIAL

Asdo.: José Luis Barcia Picos

08/5077-x

## XUNTA DE GALICIA

Consellería de Innovación e Industria

*Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas*

### ANUNCIO

*Información pública*

**Resolución de 11 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto de autorización administrativa previa da "Rede de distribución de gas natural no termo municipal de Cerceda (A Coruña)", promovido pola empresa Gas Galicia SDG, S.A.**

Aos efectos previstos no artigo 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no artigo 78 do Real Decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, sométese a información pública o seguinte proxecto de autorización administrativa previa:

**PETICIONARIO:** Gas Galicia SDG S.A., con enderezo a efectos de notificacións en edificio Área Central, local 31-III, polígono de Fontiñas, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña).

**OBXECTO DA PETICIÓN:** autorización administrativa previa da rede de distribución para a subministración de gas natural no termo municipal de Cerceda (A Coruña), de conformidade co proxecto básico presentado ao efecto.

### DESCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS:

Nunha primeira fase o gas será entregado por unha planta de gas natural licuado (GNL), que se instalará no polígono industrial do Acebedo, no concello de Cerceda. Posteriormente, cando se atope en operación o gasoduto que transportará gas á central térmica de Meirama, o gas será entregado dende o punto de entrega de gas natural (PEGN) que se situará nas inmediacións da central térmica de Meirama. A rede avanzará cara o centro urbano dende o PEGN seguindo a AC-523.

A rede proxectada estará formada por unha rede básica de distribución e unha rede secundaria de distribución, ambas en rango MOP (máxima presión de operación)  $2 < P \leq 5$  bar. A rede básica de distribución partirá da planta de GNL ata chegar as inmediacións do núcleo urbano de Cerceda. Desta rede básica partirán outras redes de menor diámetro (menor de 160 mm) cara os distintos puntos de consumo.

Esta rede deséñase en polietileno de alta densidade PE 100 SDR.17,6 de diámetro variable de DN200 a DN63, segundo necesidades. A lonxitude prevista para a rede proxectada é da orde dos 6.575 m aproximadamente, dos cales 4.393 m corresponden á rede básica e 2.182 m á rede secundaria.

**TERMO MUNICIPAL:** a solicitude de autorización administrativa previa afecta ao termo municipal de Cerceda, na provincia da Coruña.

**ORZAMENTO:** setecentos sesenta e un mil douscentos sesenta e catro euros con dous céntimos (761.264,02 €).

O que se fai público para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións no prazo de 20 días a partir da data de publicación deste anuncio, podendo examinar o proxecto de autorización administrativa na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, edificio administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela, así como na Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Coruña, en Praza Luís Seoane, s/n.

O director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Asdo.: Anxo Ramón Calvo Silvosa

08/4652-2

## XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

*Delegación Provincial da Coruña*

Servizo de Relacións Laborais

### ANUNCIO

**Acordo de corrección de erros**

Visto o expediente do acordo de corrección de erros da revisión salarial do convenio colectivo do sector de **HOSTALERIA**, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 9.4.08, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 7.4.08, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

### ACORDA:

**PRIMEIRO.**—Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

**SEGUNDO.**—Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

**TERCEIRO.**—Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 15 de abril de 2008.

A delegada provincial,

Asdo.: María Debén Alfonso.

## ACTA DE LA COMISIÓN PARITARIA DEL CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE HOSTELERÍA DE LA CORUÑA

### Parte empresarial:

- ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE LA CORUÑA
- ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE SANTIAGO
- ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROL
- HOSPECO

**Representadas:**

ASESOR JURÍDICO ENRIQUE CORNIDE RODRÍGUEZ

**Parte social:**

U.G.T.

JOSÉ LUIS OTERO GENDRE

C.C.O.O.

FRANCISCO COUSILLAS MOSQUERA

En la ciudad de La Coruña, y siendo las dieciocho horas del día 7 de Abril de 2008, en los locales de la Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de La Coruña, se reúnen las personas que al margen se relacionan, al objeto de corregir las erratas observadas en las Tablas Salariales correspondientes a los años 2007 (REVISIÓN) y 2008 del Convenio Colectivo arriba reseñado, publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia el 15 de Marzo de 2008:

Abierta la sesión, las partes intervinientes ACUERDAN

1º.-Modificar la revisión de las tablas salariales del Convenio Colectivo correspondientes al año 2007 en el sentido que sigue:

**TABLAS 2007**

**SECCIÓN 1ª**

HOTEIS, HOTEIS APARTAMENTOS, HOTEIS RESIDENCIAS, HOSTAIS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

1.-PERSONAL DE RECEPCIÓN, CONSERXERÍA E ADMINISTRACIÓN

En la categoría de conserxe de establecimientos de 2 estrellas, donde dice 939,34, DEBE DECIR 939,94.

2.-PERSONAL DE COCIÑA

En la categoría de Engado/a de Economato de establecimientos de cinco estrellas, donde dice 981,44 DEBE DECIR 984,44.

**SECCIÓN 2ª**

PENSIONES Y POSADAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

4.-Personal de Cociña

En la categoría de cociñeiro de establecimientos de tres estrellas, donde dice 919, debe decir 909.

**SECCIÓN 3ª**

RESTAURANTES, CASAS DE COMIDAS E TABERNAS QUE SERVEN COMIDAS

CATEGORÍAS PROFESIONAIS

1.-Personal vario

En la categoría de Encargado/a de sección de lencería e limpeza, en los establecimientos de tercera, donde dice 921,27, DEBE DECIR 931,26.

**TABLAS 2008**

**SECCIÓN 1.ª**

HOTEIS, HOTEIS APARTAMENTOS, HOTEIS RESIDENCIAS, HOSTAIS CATEGORÍAS PROFESIONAIS.

1.-Personal de recepción, conserxería e administración.

En la categoría de conserxe de establecimiento de 2 estrellas, donde dice 967,52, DEBE DECIR 968,14

2.-Personal de Cociña

En la categoría de Encargado/a de economato de establecimientos de cinco estrellas donde dice 1010,88, DEBE DECIR 1013,97.

**SECCIÓN 2º**

PENSIONES Y POSADAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

4.- PERSONAL DE COCIÑA

En la categoría de cociñeiro de establecimientos de tres estrellas, donde dice 946,57, DEBE DECIR 936,27.

**SECCIÓN 3º**

RESTAURANTES, CASAS DE COMIDAS E TABERNAS QUE SERVEN COMIDAS

CATEGORÍAS PROFESIONAIS

1.-PERSONAL VARIO

En la categoría de Encargado/a de sección de lencería e limpeza, en los establecimientos de tercera, donde dice 948,91 DEBE DECIR 959,20.

Sin más asuntos que tratar, lo firman y rubrican.

08/5050-x

**IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**IV.2 MUNICIPAL**

**AMES**

**ANUNCIO**

*Licenza*

CENTRO DE ODONTOLOGIA SC PROFESIONAL, solicita nesta Alcaldía a licenza municipal para a apertura dun CENTRO ODONTOLÓXICO, que se situará no LOCAL 23, BLQUE 7, POLIGONO PB4-03, BERTAMIRÁNS.

Para cumprir co disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por un período de dez días hábiles, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante este tempo, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, poderán examinar o expediente en Urbanismo, no departamento de Aperturas, sito na rúa Alcalde Lorenzo, 2, Bertamiráns, en horario de 9.00 a 14.00 h, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Ames, 22 de xaneiro de 2008

O alcalde

Carlos A. Fernández Castro

08/1265-2